

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NO DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS PRESENCIAIS CORRESPONDENTES ÁS TITULACIÓNS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE GRAO/MÁSTER UNIVERSITARIOS NOS CENTROS SANITARIOS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

(Edición 1. Data 31 de agosto de 2020)

Este documento estará en revisión permanente en función da evolución e da nova información da que se dispoña sobre o SARS- CoV-2 e/ou a normativa que lle sexa de aplicación

Índice

1. Antecedentes.....	2
2. Obxectivos.....	3
3. Contexto.....	4
4. Medidas de vixilancia, prevención e control.....	4
Situación 1: de normalidade adaptada.....	5
1. Principios de actuación.....	5
2. Control da capacidade docente.....	6
3. Criterios de priorización.....	7
4. Medidas específicas de vixilancia, prevención e control.....	8
Situación 2: de suspensión de prácticas presenciais.....	10
1. Principios de actuación.....	10
Referencias normativas.....	11
Ligazóns.....	12

1. Antecedentes

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2, un coronavirus que se detectou por primeira vez na cidade de Wuhan (China). Este gromo inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo de 2020.

Debido á declaración da pandemia e tendo en conta os diversos estudos que indicaban que a situación daquel momento supoñía un risco inminente e extraordinario para a saúde da poboación decidiuse establecer unha serie de medidas preventivas establecidas na *Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade* que, no seu punto primeiro letra e), suspendeu as prácticas que se realizaban en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia nos graos de Ciencias da Saúde ou doutras titulacións e ciclos formativos. Inclúense nesta apartado as prácticas dos ciclos formativos de Formación Profesional.

Por *Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020* declarouse a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e activouse o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego).

Esta situación de emerxencia sanitaria declarouse un día antes de que o Goberno de España decretara en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (*Real decreto 463/2020, do 14 de marzo modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo*) prorrogado polo Congreso dos Deputados en sucesivas ocasións. Neste real decreto contemplase unha serie de medidas dirixidas a protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública. Entre estas medidas no seu *artigo 9. Medidas de contención no ámbito educativo e de formación*, suspendeuse a actividade educativa presencial en todos os centros, etapas, ciclos, graos, cursos e niveis de ensinanza, incluída a ensinanza universitaria así como outras actividades educativas ou de formación impartidas en centros públicos ou privados. Durante o período de suspensión mantivéronse as actividades educativas a través das modalidades a distancia e en liña, sempre que foi posible.

As medidas da *Resolución do 12 de marzo de 2020* foron adoptadas inicialmente por 14 días sendo, posteriormente ratificadas mentres durase o estado de alarma e o estado de emerxencia sanitaria, tal e como se cita no seu punto primeiro da *Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*.



Unha vez pasada a primeira onda epidémica é necesario recuperar a normalidade, no curso académico 2020/2021, na actividade das prácticas presenciais de formación profesional e prácticas universitarias de grao e máster das titulacións de Ciencias da Saúde e outras titulacións nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia. O recente *Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde*, do 27 de agosto de 2020, estableceu a necesidade de retomar de forma prioritaria a educación presencial, para todos os ciclos educativos non universitarios, incluída a Formación Profesional.

A *Resolución do 20 de agosto de 2020* acorda levantar a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia que se estableceu no punto primeiro letra e) da *Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade*, baixo unhas condicións que son as establecidas, entre outras, neste protocolo.

Durante esta etapa é necesario planificar o necesario axuste das medidas establecidas nas fases de contención e avanzar no estado da nova normalidade adoptando as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade dos profesionais sanitarios, do alumnado e dos pacientes.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva da actividade que está sendo avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e que se acompañará dalgunhas medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

2. Obxectivos

1. Establecer o marco de actuación para a toma de decisións no desenvolvemento das prácticas presenciais das diferentes titulacións de formación profesional e prácticas universitarias de grao/máster nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.
2. Definir as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control no ámbito do desenvolvemento das prácticas presenciais das diferentes titulacións de formación profesional e prácticas universitarias de grao/máster nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.



3. Contexto

Como criterio xeral, na dinámica de propagación das enfermidades infecciosas dentro dunha poboación existen catro factores determinantes:

- A existencia dun importante número de individuos susceptibles á infección polo SARS-CoV-2 en Galicia (estimado nun 98,85 % da poboación), tal e como se demostrou no estudo de seroprevalencia realizado pola Xunta de Galicia no mes de maio de 2020.
- A existencia de poboación infectada con capacidade de contaxiar cuxa estimación real presenta dificultades debido á sensibilidade variable da propia proba, á heteroxeneidade da vixilancia epidemiolóxica e á existencia de casos leves e/ou asintomáticos que non se detectan.
- O patrón de contactos que se dan entre os individuos dunha sociedade e a propia estrutura da poboación.
- A probabilidade de que se produza un contacto efectivo entre un individuo infeccioso e un susceptible.

4. Medidas de vixilancia, prevención e control

Na toma de decisións ante riscos non coñecidos aplícase o principio de precaución, como foi a suspensión das prácticas presenciais de titulacións de formación profesional e grao/máster universitarios.

Na actualidade dispónse de información cada vez máis sólida acerca da incidencia da enfermidade, os requirimentos asistenciais e a dinámica de transmisión do virus que permite a planificación das actuacións que se van levar a cabo.

Dado que a reactivación debe ser un proceso seguro, gradual e de carácter dinámico para a planificación dunha resposta adaptativa, é preciso ter en conta os criterios epidemiolóxicos poboacionais e asistenciais establecidos pola Consellería de Sanidade e que deberán ser flexibles en función da normativa sanitaria tanto estatal como autonómica que, de ser o caso, se puidese aprobar. Así mesmo, teranse en conta os criterios académicos ou educativos que as autoridades educativas e/ou as universidades puideran adoptar con relación ao desenvolvemento das prácticas presenciais.

Neste documento, segundo os criterios anteriormente expostos, establecerase a definición de dúas situacións:

Situación 1: de normalidade adaptada

Situación 2: de suspensión das prácticas presenciais.

Para cada unha delas describiranse as liñas de actuación no que se refire á vixilancia, prevención e control da infección polo SARS-CoV-2.

Situación 1: de normalidade adaptada

1. Principios de actuación

Nesta situación adoptarase un modelo **preferentemente presencial** aínda que adaptado á nova normalidade.

Os centros educativos e/ou as universidades, antes do inicio das prácticas presenciais nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, comunicaránlles a planificación ou plans de desenvolvemento das prácticas presenciais das diferentes titulacións, e en especial, das titulacións de Ciencias da Saúde, á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e aos centros sanitarios. A comunicación á ACIS farase a través do correo electrónico docencia.acis@sergas.es e aos centros sanitarios da maneira que eles determinen.

Tendo en conta as peculiaridades desta situación de normalidade adaptada, a planificación ou plan deberá ser flexible, con posibilidade de adaptación ás diferentes situacións e deberán estar sempre en consonancia cos protocolos deseñados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

Os plans deberán ter en conta, polo menos, os seguintes principios de actuación:

- a) Fomento da docencia en liña, impulsando a innovación docente e a utilización do uso das plataformas virtuais e de simulacións na docencia práctica.
- b) Organización das quendas de prácticas coa posibilidade de establecer máis horarios (mañá, tarde, noite, fins de semana en caso necesario e segundo as titulacións) para facilitar a non concorrencia de demasiados estudantes nun servizo/unidade, tendo en conta a limitación da capacidade docente.

c) Deslocalización, no caso de ser necesario, do estudantado entre diferentes centros sanitarios tanto públicos como privados e en unidades tanto de atención hospitalaria como de atención primaria.

d) Adianto ou atraso, no caso de que fose necesario, do calendario previsto das prácticas presenciais, co fin de diminuír o número de estudantes por quenda.

2. Control da capacidade docente

No Protocolo polo que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde (Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro) diferénciase entre alumnos/as e residentes (profesionais que cursan formación especializada en Ciencias da Saúde).

Considéranse alumnos/as, segundo o punto 5.1 do citado protocolo:

- a) Os/As estudantes universitarios/as de titulacións que habiliten para o exercicio de profesións sanitarias tituladas e reguladas en Ciencias da Saúde: Medicina, Farmacia, Odontoloxía, Enfermaría, Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Podoloxía, Óptica-optometría, Logopedia, Dietética e Nutrición, Psicoloxía Xeral Sanitaria.
- b) Os/As estudantes universitarios/as de máster, doutoramento, títulos propios vinculados a profesións sanitarias.
- c) Os/As estudantes de formación profesional da familia sanitaria tanto de técnicos de grao medio como de técnicos de grao superior.
- d) Os/As estudantes doutras titulacións universitarias ou de formación profesional con períodos de prácticas en centros sanitarios.

Así mesmo, no punto 5.5 establécese que o número máximo de persoas en formación nos actos asistenciais será de 5 por paciente (entre alumnos/as e residentes) e, deles, como máximo 3 poderían ser alumnos/as en prácticas.

Nesta situación de normalidade adaptada á capacidade docente das unidades, servizos ou áreas durante o curso 2020/2021 deberase reducir ata o 75 %.

Nos vindeiros meses, en función da evolución dos criterios epidemiolóxicos poboacionais e/ou asistenciais existentes no centro sanitario, a capacidade docente da unidade, servizo, área ou centro poderíase ver máis limitada. Se isto ocorrese podería ser necesario reducir o número de estudantes en prácticas nos actos asistenciais, recolocar os estudantes noutras unidades, servizos ou áreas ou mesmo suspender, de forma temporal, as prácticas presenciais nesa unidade, servizo, área ou centro sanitario.



En todo caso, as solucións empregadas deberanse coordinar e comunicar ás persoas responsables destas prácticas nos centros educativos ou nas universidades.

No caso de suspensión temporal das prácticas presenciais nun centro sanitario sen posibilidade de recolocación noutro servizo, área ou centro dentro da área sanitaria, a persoa responsable da organización das prácticas da área sanitaria deberá comunicarllelo ás persoas responsables destas prácticas nos centros educativos ou nas universidades así como á ACIS a través do correo electrónico docencia.acis@sergas.es

3. Criterios de priorización

En función da situación epidemiolóxica e/ou asistencial existente no centro sanitario se se necesita levar a cabo unha redución da capacidade docente seguirase a seguinte orde de priorización para establecer o número de estudantes en prácticas que poderían participar, como máximo, nos procesos asistenciais.

Primeiro:

Prácticas presenciais das titulacións de grao universitario da Ciencias da Saúde vinculadas coa institución sanitaria e coa cal hai asinado un convenio marco que o converte en hospital universitario ou ben que son centros adscritos a un determinado centro sanitario. Dentro destes, de ser necesario, priorizarase o alumnado de último ano sobre o dos cursos precedentes (que poden ter tempo académico para realizar as prácticas que non se puideran desenvolver). Se segue sendo necesario, dentro dos de último ano, os que estean a desenvolver prácticas académicas curriculares obrigatorias fronte aos que desenvolven prácticas académicas externas non curriculares e optativas.

Segundo:

Prácticas presenciais das titulacións de grao/máster universitario de Ciencias da Saúde realizadas grazas á existencia dun convenio establecido e vixente co Servizo Galego de Saúde e/ou a Consellería de Sanidade ou titulacións de formación profesional da familia sanitaria que teñan vinculación co centro sanitario por existir convenio de colaboración asinado. Dentro destes, de ser necesario, priorizarase o alumnado de último curso sobre o dos cursos precedentes (que poden ter tempo académico para realizar as prácticas que non se puideran desenvolver). Se segue sendo necesario, dentro dos de último ano, os que estean a desenvolver prácticas académicas curriculares obrigatorias fronte aos que desenvolven prácticas académicas externas non curriculares e optativas.

Terceiro:

Prácticas presenciais das titulacións de grao/máster universitario de titulacións diferentes ás de Ciencias da Saúde realizadas grazas á existencia dun convenio establecido e vixente co Servizo Galego de Saúde e/ou a Consellería de Sanidade ou titulacións de formación profesional diferentes da familia sanitaria que teñan vinculación co centro sanitario por existir convenio de colaboración asinado. Dentro





destes, de ser necesario, priorizarase o alumnado de último curso sobre o dos cursos precedentes (que poden ter tempo académico para realizar as prácticas que non se puideran desenvolver). Se segue sendo necesario, dentro dos de último ano, os que estean a desenvolver prácticas académicas curriculares obrigatorias fronte aos que desenvolven prácticas académicas externas non curriculares e optativas.

Cuarto:

Prácticas presenciais de titulacións de grao universitario solicitadas por parte de universidades de fóra de Galicia segundo o establecido na Orde do 13 de novembro de 2007. Dentro destes, de ser necesario, priorizarase o alumnado de último curso sobre o dos cursos precedentes (que poden ter tempo académico para realizar as prácticas que non se puideran desenvolver) e, se segue sendo necesario, os que estean a desenvolver prácticas académicas curriculares obrigatorias fronte aos que desenvolven prácticas académicas externas non curriculares e optativas.

Quinto:

Outras prácticas presenciais non recollidas nos apartados anteriores e que se poidan desenvolver nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde De Galicia tales como, as prácticas das listas especiais de contratación ou as prácticas voluntarias de profesionais.

4. Medidas específicas de vixilancia, prevención e control

Antes de iniciar as prácticas presenciais no centro, cada alumno/a realizará un autotest (dispoñible na seguinte [ligazón](#)) para poder comprobar se poden ter síntomas de COVID-19. Deberán seguir as indicacións que en cada suposto se recomende neste autotest. Para máis información xeral sobre o novo coronavirus pódese chamar ao número 900 400 116.

No caso dos/das alumnos/as que proveñan ou estiveran nos últimos catorce días en territorios de alta incidencia epidemiolóxica por COVID-19, deberán comunicar a súa situación nas primeiras 24 horas da súa estancia en Galicia a través do formulario indicado na seguinte [ligazón](#). Os territorios que en cada momento se consideran de alta incidencia aparecen en <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Benvida-viaxeirxs>.

Se non presenta síntomas nin tivo un contacto estreito cun caso confirmado ou pendente de confirmar, iniciaría as súas prácticas presenciais dirixíndose á persoa responsable da súa organización na área sanitaria.

Esta, ou outra que designe, será a persoa encargada de recibir os alumnos e de facilitarlles un plan de acollida no que se inclúa a información e a formación actualizada sobre a prevención da infección pola COVID-19 tal e como indica o punto 6 do Plan





específico para a Prevención de Riscos Laborais ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2) (dispoñible na seguinte [ligazón](#)).

Dentro das medidas de vixilancia ofrecerase ao alumnado realizar probas de cribaxe antes da súa incorporación efectiva ao centro onde vai iniciar as súas prácticas presenciais. Se o número de alumnos ao que lle hai que facer as probas de cribaxe é moi elevado nun determinado momento, priorizaranse as probas do alumnado que vaia a zonas con pacientes vulnerables.

O centro sanitario deberá levar un rexistro de asistencia do alumnado, en especial, daquel alumnado que rote por diferentes servizos ou unidades co fin de identificar as persoas coas que tivo contacto para realizar o seguimento en caso de gromo. Deberase dotar da maior estabilidade posible o grupo de alumnos/as e titores, co fin de limitar ao máximo os contactos.

Limitarase a circulación do alumnado aos servizos estritamente necesarios para desenvolver o seu plan formativo. Así mesmo, deberanse evitar tanto as zonas con risco de exposición ao virus SARS-CoV-2 como as zonas con pacientes vulnerables e, no caso de que sexa necesario estar nestas zonas con risco de exposición para a formación do alumnado, deberán cumprir con todas as medidas de prevención e control que se lle indiquen. Para tal efecto recibirán a información, a formación e o adestramento necesario para o desempeño das funcións que lle sexan encomendadas.

Os/as alumnos/as deberán cumprir coas medidas de hixiene e prevención que estean establecidas no centro onde se realicen as prácticas presenciais e coas medidas de prevención relacionadas no punto 5 do Plan específico para a Prevención de Riscos Laborais ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2).

Será obrigatoria a utilización de máscara en todo momento, tanto en espazos abertos como pechados e independentemente da distancia de seguridade. Manterase, de ser posible, a distancia de seguridade de 1,5 m e insistirase na hixiene de mans de forma frecuente.

Se o/a alumno/a presentase síntomas compatibles coa infección polo SARS-CoV-2 durante o desenvolvemento das prácticas presenciais nun centro sanitario deberá informar inmediatamente o responsable das prácticas do seu centro de referencia que o comunicará así mesmo ao seu centro educativo de orixe. No manexo deste posible caso seguirase o *Protocolo de illamento de casos con sospeita de infección polo virus SARS-CoV-2 nos profesionais do Servizo Galego de Saúde* (dispoñible nesta [ligazón](#)) ou outro que determine a autoridade sanitaria.



Situación 2: de suspensión de prácticas presenciais

1. Principios de actuación

Nesta situación adoptarase un modelo de prácticas **exclusivamente non presencial** nas diferentes titulacións de formación profesional e universitarias de grao/máster que se leven a cabo nos centros sanitarios do Sistema Galego de Saúde Pública.

Os centros educativos e/ou as universidades facilitaranlle á ACIS, a través do correo electrónico docencia.acis@sergas.es, o plan que indique os mínimos necesarios para a adaptación das prácticas dos estudantes afectados no caso de que non sexa posible volver á situación 1 ou de normalidade avanzada antes do período de finalización delas.

Esta información será trasladada á persoa responsable da organización das prácticas da área sanitaria e aos tutores dos estudantes afectados.

ANEXO I

Referencias normativas

Orde SSI/81/2017, do 19 de xaneiro, que contén o protocolo mediante o que se establecen as pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde (BOE núm. 31, do 6 de febreiro de 2017).

Resolución do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG num 49bis, do 12 de marzo de 2020).

Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo de 2020).

Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (BOE núm. 73, do 18 de marzo de 2020).

Resolución do 30 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), do 30 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 (DOG num 63, do 31 de marzo de 2020).

Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG num 115, do 13 de xuño de 2020).

Decreto 90/2020, do 13 de xuño, polo que se declara a superación da fase III do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia da COVID-19, aprobado mediante o Acordo do Consello de Ministros do 28 de abril de 2020 e, polo tanto, a entrada na nova normalidade, con efectos dende as 00.00 horas do día 15 de xuño de 2020 (DOG num 115-bis, do 13 de xuño de 2020).

Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas necesarias para facer fronte á



crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG num 126, do 27 de xuño de 2020).

Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade (DOG num 143, do 18 de xullo de 2020).

Resolución do 20 de agosto de 2020 pola que se acorda levantar a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG num 174, do 28 de agosto de 2020).

Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional De Saúde, adoptado en coordinación coa Conferencia Sectorial de Educación, sobre a declaración de actuacións coordinadas en saúde pública fronte á COVID-19 para centros educativos durante o curso 2020-21

Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao novo coronavirus (SARS-CoV-2) Dirección Xeral de Recursos Humanos – Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia. Versión 7, 7 de xullo de 2020.

Protocolo de illamento de casos con sospeita de infección polo virus SARS-CoV-2 nos profesionais do Servizo Galego de Saúde. Versión 29/06/2020.

Plan de resposta temperá nun escenario de control da pandemia por COVID-19 (Ministerio de Sanidade, 16 de xullo 2020).

Ligazóns

<https://acis.sergas.gal/cartafol/Practicas-de-Grao-e-Master>

<https://coronavirus.sergas.gal/>

<https://www.mscbs.gob.es/en/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos.htm>

<https://www.who.int/es/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019>

